



## Encontro diocesano para clausurar o Curso Pastoral

O venres 16 de xuño no santuario de Santa María a Real do Cebreiro clausúrase o Curso Pastoral 2016- 2017. É un encontro-convivencia para sacerdotes, relixiosos, consagrados e fieis laicos. O motivo é reunirse para dar grazas a Deus por este curso pastoral, ademais é unha ocasión para compartir experiencias, rezar e comer xuntos. Preside o encontro o Sr. Bispo.

Organízase a comida para todos e desde Lugo ponse autobús, que sairá de Praza Bretaña ás 9:30 h. da mañá. É necesario apuntarse para a comida e para o desprazamento en autobús. O prezo da comida son 15 € e o autobús 10 €.

O encontro desenvólvese do seguinte xeito:

11:15 h: Acollida-Oración

11:30 h: Reflexión: "A fe cristiá, un estilo de vida. Propoñer de novo a fe". Dirixe: D. Fernando Simón Rueda. Párroco de San Juan Crisóstomo e delegado de Pastoral Familiar da Arquidiocese de Madrid.

12:30 h: Descanso

13:15 h: Celebración da Santa Misa

14:15 h: Comida

16:30 h: Oración mariana

17:00 h: Fin do encontro



Para inscribirse chamar ao teléfono 982 214 265 **antes do 13 de xuño.**

### *Reflexións de Fernando Simón Rueda:*

“A caridade é o motor que pode transformar a vida das persoas e da Igrexa. A partir do amor primeiro de Deus, tal e como o suscita a encíclica *Deus caritas est*, xérase unha resposta que impulsa á persoa ao don de si a imaxe do don de si de Deus. A caridade informa interiormente as virtudes humanas levando a actuación humana a unha plenitude cuxa expresión vital podémola contemplar nos santos.

A partir da caridade na que participamos todos os bautizados, prodúcese unha auténtica pertenza á Igrexa que xera a «espiritualidade de comunión» que reivindicaba san Xoán Paulo II para a Igrexa do terceiro milenio. Deste xeito descóbrese a propia pertenza á Igrexa, non porque colaborem en actividades comúns, senón por participar nun mesmo don recibido no bautismo e renovado na Eucaristía.

O principio teolóxico na pastoral non reside soamente na supremacía da oración e os sacramentos na vida cristiá. Non se trata dun estímulo da vida espiritual, senón de afirmar o principio teolóxico fundamental da caridade”.

“A misión da Igrexa que ha de evanxelizarse transmitindo a vida de Cristo, o don do Amor de Deus que entrega ao Fillo e fainos capaces de vivir participando da comunión de amor trinitaria, sitúanos na urxencia dunha pastoral vertebrada pola vocación ao amor e que eduque ás persoas para vivir a caridade e ser capaces de construír comunións que correspondan coa verdade da súa vocación máis fundamental”.

“A pastoral non debe centrarse en organizar unha serie de actos exteriores á persoa valorados, segundo a súa «eficacia exterior»: é a propia vida das persoas no seu realizarse para alcanzar unha plenitude. Que as persoas aprendan a construír unha comunión e as familias respondan ao plan de Deus”.

“Non hai que buscar únicamente o acordo na toma de decisións pastorais, senón a unidade no don do Amor divino que xerou á Igrexa.

Ao subliñar a primacía da caridade, pártese do don divino comunicado á Igrexa. O Amor de Deus constrúe a comunión eclesial e familiar permitindo que todos participemos dun mesmo don de amor e dunha mesma misión que xera unha nova comunión de amor entre os homes”.

Revista *Familia*, n.º 49